

**INFORME DO COMITÉ DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS SUBXECTIVOS (SOBRE Nº 2) PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN DE NADAL 2019 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**1. OFERTAS PRESENTADAS.**

Presentaron ofertas no procedemento de contratación os seguintes empresarios:

- Iluminaciones Santiaguesas, S.A.
- Creaciones Luminosas, S.L.

**2. INFORME.**

Examinada a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación availables mediante xuízo de valor (sobre nº 2), pónse de manifesto o seguinte:

A documentación presentada polo empresario Creaciones Luminosas, S.L. (Electromiño) indica o número de elementos do tipo “arcos”, “motivos en farolas”, “elementos singulares” e “prazas” que oferta.

De acordo co previsto no apartado 9 do Anexo 0 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato (PCAP, en diante), son criterios de adxudicación availables mediante fórmula e que deben conterse no sobre nº 3 (Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación availables mediante fórmula), os seguintes:

- B.3. Cantidad total de arcos e farolas instalados. Valórase con 0,01 puntos por arco ou farola, ata un máximo de 10 puntos.
- C.3. Cantidad total de motivos diferentes instalados. Valórase con 1 punto por cada un, ata un máximo de 40 puntos.
- D. Número de intervencións en ámbitos e prazas. Valórase con 5 puntos por espazo no que se actúe, ata un máximo de 50 puntos.

A cláusula 13.3 PCAP dispón que o sobre nº 2 “*en ningún caso deberá conter documentos que revelen a súa oferta económica nin aspectos relativos aos criterios cuantificables por fórmulas. A súa inclusión será causa de exclusión da licitación*”.



O que se pon en coñecemento da mesa de contratación a fin de que decida o procedente sobre a exclusión, no seu caso, do empresario Creaciones Luminosas, S.L.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Lourdes Pérez Castro  
Directora Técnica da Oficina Técnica  
do Consorcio de Santiago.

Javier Fernández Muñoz.  
Arquitecto municipal do  
Concello de Santiago de Compostela.

José Manuel González García  
Vicesecretario do Concello de  
Santiago de Compostela.